





CONCELLO DE REDONDELA

## ANUNCIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO PARA A COBERTURA DE 3 PRAZAS VACANTES DE FUNCIONARIO ORDENANZA: REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Ó TRÁMITE DE AUDIENCIA (26/02/2026)

Tendo sido publicado o 26 de febreiro de 2026 o anuncio de Trámite de Audiencia, no proceso selectivo para a cobertura de 3 prazas vacantes de funcionario ordenanza, os aspirantes presentaron durante o prazo legal establecido as seguintes reclamacións:

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
1	2026-E-RC-3924 / 17-03-2026	
2	2026-E-RE-2193 / 17-03-2026	
3	2026-E-RC-4042 / 18-03-2026	
4	2026-E-RE-2277 / 19-03-2026	
5	2026-E-RE-2290 / 20-03-2026	

A 23 de marzo de 2026, o tribunal cualificador reúne e conforme a acta da citada xuntanza **acorda por unanimidade** :



ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
1	2026-E-RC-3924 / 17-03-2026	

O/A aspirante . formula unha alegación na que, en síntese, solicita que se manteña a anulación do exame tipo test realizado o 15 de xaneiro de 2026 e en caso contrario que se anule o proceso selectivo.

O Tribunal acorda estimar a mesma e manter a anulación do segundo exercicio.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
2	2026-E-RE-2193 / 17-03-2026	



CONCELLO DE REDONDELA


O/A aspirante formula unha alegación na que, manifesta a súa adhesión aos escritos de reclamación de outros aspirantes contra o acordo de anulación do segundo exercicio e solicita a plena validez do mesmo.

Fronte a esta alegación, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada polo aspirante e confirmar a anulación do exercicio realizado o día 15 de xaneiro de 2026, xa que na convocatoria do mesmo se produciron unha serie de erros que ocasionaron que o exercicio non se realizase nas condicións de igualdade entre os aspirantes necesarias.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
3	2026-E-RC-4042 / 18-03-2026	

O/A aspirante formula unha alegación na que solicita que se teña presentada a alegación dentro do prazo de trámite de audiencia e sexa incorporada ao expediente e considerada para a súa resolución.

O tribunal informa que toda a documentación presentada en prazo incorpórase ó expediente e tense en conta para a resolución do mesmo.



ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
4	2026-E-RE-2277 / 19-03-2026	

O/A aspirante formula unha alegación na que solicita:

Primeiro: Mantemento da medida cautelar de suspensión da repetición do segundo exame.

Segundo: A anulación do acto polo cal se acordou a repetición do segundo exercicio do proceso.

Terceiro: Que se declare a conservación e validez do segundo exame xa realizado e das súas notas publicadas e se continúe co proceso de acordo coas bases.

Cuarto: Que se considere a esta parte como interesado persoado no procedemento e se lle de traslado de calquera actuación que se realice no mesmo.

Fronte a esta alegación presentada polo/a aspirante o Tribunal acorda:



CONCELLO DE REDONDELA

Primeiro: Estimar o Mantemento da medida cautelar de suspensión da repetición do segundo exame en tanto non se resolvan as alegacións presentadas no trámite de audiencia.

Segundo: Desestimar a alegación e confirmar a anulación do exercicio realizado o día 15 de xaneiro de 2026, xa que na convocatoria do mesmo se produciron unha serie de erros que ocasionaron que o exercicio non se realizase nas condicións de igualdade entre os aspirantes necesarias.

ORDE	Nº REXISTRO – DATA	RECLAMANTE
5	2026-E-RE-2290 /20-03-2026	

O/A aspirante \_\_\_\_\_ formula unha alegación na que solicita:

Primeiro: A anulación do acto polo cal se acordou a repetición do segundo exercicio do proceso.

Segundo: Se ordene a convocatoria dunha nova proba que consista exclusivamente na resolución de supostos prácticos por escrito.

Terceiro: Que no caso de que o Tribunal ratifique o formato tipo test, retrotraer o procedemento ao momento da convocatoria do segundo exercicio.

Fronte a esta alegación presentada polo/a aspirante \_\_\_\_\_ o Tribunal acorda desestimar o solicitado no punto primeiro xa que a repetición do segundo exame implica a anulación do xa realizado. No referente ao segundo punto da solicitude acórdase desestimala mesma xa que é contrario ó acordado na reunión de constitución do 8 de agosto de 2025.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou o seguinte: Dar traslado ao interesado da documentación solicitada debidamente anonimizada.

Resoltas as alegacións presentadas, o tribunal acorda a publicación na páxina web deste acordo:

*"En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:*

(...)



CONCELLO DE REDONDELA

*b) Cuando se trate de actos integrantes de un procedimiento selectivo o de concurrencia competitiva de cualquier tipo. En este caso, la convocatoria del procedimiento deberá indicar el medio donde se efectuarán las sucesivas publicaciones, careciendo de validez las que se lleven a cabo en lugares distintos."*

Segundo o disposto na Base Xeral Décimo primeira (Desenvolvemento do exercicios das probas selectivas), parágrafo 5º, que rexen o devandito proceso selectivo, contra os acordos do Tribunal, poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación, segundo o previsto no artigo 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

Do que dou fe como secretaria co visto e prace do presidente.

En Redondela, a data 6 de abril de 2026

A secretaria do órgano de selección.

Vº e Prace: A presidente do órgano de selección